

Convocadas en Galicia axudas a alumnado de ESO e BACH para formarse en Linguas Estranxeiras 2019 (Inglés para ESO e Francés e Inglés para BAC)

A Consellería de Educación publicou a Orde do ORDE do 4 de febreiro de 2019 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2019, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos.

REQUISITOS:

- Estar cursando 1º, 2º, 3º e 4º da Educación Secundaria Obrigatoria, ou 1º, 2º de Bacharelato en centros sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de réxime xeral, durante o curso 2017/18, na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter superadas todas as áreas ou materias no curso 2017/18.
- Ter acadado no curso 2017/18 unha cualificación mínima de **ben no 6º curso de educación primaria** para o alumnado de 1º de educación secundaria obrigatoria, e de **6 para o de 2º, 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato** na materia de **lingua inglesa**.
- Para as actividades de integración, estar matriculado/a, no curso 2018/19, nun centro da Rede de centros plurilingües.
- Non ter concedida, no presente curso académico, outra axuda coa mesma finalidade.
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estar en posesión do DNI, NIE ou pasaporte.

CONCEPTOS FINANCIADOS

- No caso das actividades que se realicen no estranxeiro, os gastos da viaxe desde o punto de saída dos distintos grupos.
- Os monitores ou monitoras que acompañarán o alumnado en cada un dos grupos durante a actividade.
- Os gastos de docencia e o material escolar.
- As actividades culturais, deportivas e complementarias dos cursos.
- Os gastos de mantenza e aloxamento.
- O certificado de realización da actividade.
- O seguro de accidentes e de responsabilidade civil.
- As familias achegarán as cantidades que lles correspondan á empresa adxudicataria encargada da organización técnica da actividade
- ([ver convocatoria no DOG](#)).

DATAS:

O período de realización destas actividades comprenderá desde a última semana do mes de xuño ata finais do mes de agosto de 2019, coa excepción das actividades de integración, que se desenvolverán no inicio do curso 2019/20. As datas concretas de realización das actividades daranse a coñecer coa publicación das listaxes definitivas do alumnado seleccionado.

PRAZO E SOLICITUDE:

Ata o 20 de marzo de 2019, incluído. A solicitude realízase **en liña** ou presencial.

PRAZAS OFERTADAS E ACHEGAS DAS FAMILIAS:

						Achega das familias (€)			
	Modalidade	Duración	Réxime aloxamento	Nº prazas	Custo por praza (€)	Grupo A	Grupo B	Grupo C	Grupo D
2º BACH.	Inglés en Canadá	3 semanas	Familia	80	2.950	375	670	1.180	1.475
	Inglés no Reino Unido	3 semanas	Familia	90	2.244,55	285	510	898	1.122
	Francés en Francia	3 semanas	Familia ou residencia	15	2.244,55	285	510	898	1.122
	Portugués en Portugal	3 semanas	Familia ou residencia	5	2.000,13	254	454	800	1.000
1º BACH.	Inglés no Reino Unido	3 semanas	Familia	150	2.244,55	285	510	898	1.122
	Inglés en Canadá	3 semanas	Familia	135	2.950	375	670	1.180	1.475
	Inglés en Canadá-Integración	4 semanas	Familia	30	3.367	428	764	1.347	1.684
	Inglés en Galicia	1 semana	Residencia	50	755,04	96	171	302	378
	Francés en Francia	3 semanas	Familia ou residencia	15	2.244,55	285	510	898	1.122
	Portugués en Portugal	3 semanas	Familia ou residencia	5	2.000,13	254	454	800	1.000
4º ESO	Inglés en Galicia	1 semana	Residencia	50	755,04	96	171	302	378
4º ESO	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	90	554,18	70	126	222	277
3º ESO	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	180	554,18	70	126	222	277
2º ESO	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	325	554,18	70	126	222	277
1º ESO	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	380	554,18	70	126	222	277
				Total prazas:	1.600				